


MONTSE GUTIÉRREZ

A realidade precisa de cambios para manter a súa credibilidade, para non caer na monotonía e permanecer en liña coa contemporaneidade e cos novos gustos estéticos. Desta premisa parte Montse Gutiérrez plasmando a súa realidade pictórica, traballando, absorbendo novas propostas, revisando e actualizando as súas creacións. Mide ben os tempos, compón, afina, ensaia e executa con man firme a súa sinfonía particular de trazos e cor. Eríxese en deusa Kali, obviando todas as connotacións negativas que soporta, afianzándose no eido creador, xerando mundos, impregnando e reiventando nun bucle de apertura e cerrazón, que só necesita da bidimensionalidade para expresar-se e volver a comezar.

A creatividade é unha ponte entre a simboloxía e a linguaxe, unha ponte que Montse controla e aproveita; construíndo con paisaxes, poesía, materia ou abstracción. Pero sempre deixa un as na manga, sempre queda no fondo da súa caixa de Pandora a pintura, partindo dela e volvendo a ela, como principio e como fin.

E. G.



Cruces.

2003. Técnica mixta sobre papel (111x42 cm)

Sen título.

2004. Técnica mixta sobre papel (100 x71 cm)